



O ciclo de charlas de itinerantes de exdeputados en institutos para conmemorar o 30 aniversario do Parlamento de Galicia chega mañá a A Rúa

- Amparo González e Xosé Francisco Ferreira ofrecerán unha charla-coloquio aos alumnos do IES Cosme López Rodríguez e do CPR Pablo VI, na Rúa (Ourense)
- Arredor dunha trintena de centros xa se amosaron interesados en acoller esta actividade, orientada a dar a coñecer ao funcionamento do Parlamento entre os alumnos de secundaria

Santiago, 31 de marzo de 2011.- O CPR Pablo VI e o IES Cosme López Rodríguez, os dous da localidade ourensán de A Rúa, acollerán mañá venres, 1 de abril, cadansúa charla organizada pola Asociación de Exdeputados do Parlamento de Galicia no marco da celebración do 30 aniversario da Cámara Autonómica.

Na sesión de mañá, que se desenvolverá a partir das 10,30 horas no IES Cosme López Vidal, e ás 13,15 horas no CPR Pablo VI, ambos os dous en A Rúa, intervirán os deputados Amparo González (PPdeG) e Xosé Francisco Ferreira (BNG).

Arredor dunha trintena de centros de Ensino Secundario de toda Galicia teñen manifestado xa o seu interese en acoller unha charla deste tipo. Os organizadores convidarán a participar en cada unha destes actividades a un exdeputado de cada un dos partidos con representación no Parlamento de Galicia.

Con esta programación, enmarcada no 30 aniversario da institución, o Parlamento de Galicia busca darse a coñecer



entre os estudantes galegos, tratando de superar o descoñecemento que rodea a algunhas das institucións democráticas e buscando superar, tamén, o desinterese que en ocasións suscita a vida política.

Previsión informativa

Venres, 1 de abril de 2011

A Rúa - Ourense

10,30 h.- No IES Cosme López Rodríguez, na Rúa (Ourense) os exdeputados Amparo González (PPdeG) e Xosé Francisco Ferreira (BNG) ofrecen unha charla para explicar a estudantes de secundaria a realidade e o funcionamento do Parlamento de Galicia. O ciclo enmárcase no 30 aniversario do Parlamento de Galicia e está organizado pola Asociación de Exdeputados.

12,00 h.- Charla sobre o 30 aniversario do Parlamento de Galicia no CPR Pablo VI, tamén na Rúa, e a cargo dos mesmos deputados.

Saúdos, Gabinete de Comunicación